

**familias**[A CONSELLERÍA NUN CLIC](#)**alumnado**[INFORMACIÓN E SERVIZOS](#)**profesorado**[ENSINANZA](#)**centros**[TEMA](#)**empresas**[Buscar](#)[Inicio](#)

Lingua galega

A Consellería de Cultura e Educación participa na presentación dos novos vídeos de divulgación científica promovidos pola ANL da UVigo co apoio da Secretaría Xeral de Política Lingüística

**O acto contou coa participación do secretario xeral de Política Lingüística
 A iniciativa enmárcase no convenio de colaboración asinado polo departamento do conselleiro Vázquez Abad e a universidade viguesa**

Ven, 30/01/2015 - 17:25

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria participou esta mañá no acto de presentación da versión en galego de novos vídeos de divulgación científica sobre ecoloxía e evolución impulsada pola Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo (UVigo) en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística. O proxecto enmárcase no convenio anual de colaboración asinado entre estas dúas entidades en materia de normalización lingüística, que fai posible a edición en galego de vídeos do grupo Divulgare, do Laboratorio de Evolución e Ecoloxía da devandita universidade.

Na presentación, que se desenvolveu na Reitoría da UVigo, participou o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García; acompañado polo reitor, Salustiano Mato; polo director da ANL da UVigo, Paulo Cabral; e mais polos profesores Luís Navarro e José María Sánchez.



García Gómez destacou "a importancia que teñen para a proxección social e o prestixio do idioma estes vídeos de divulgación científica sobre ecoloxía e evolución en galego, nomeadamente para uso do estudiantado e profesorado das universidades, mais tamén dos institutos de ensino secundario". O obxectivo dos vídeos é informar, desde o rigor científico, de curiosidades e problemas medioambientais así como fomentar o espírito crítico e o debate arredor das cuestións sobre o medio ambiente que están de actualidade.

Os novos vídeos científicos en galego

Os novos títulos en galego de divulgación científica son Caracterización da reciprocidade en plantas heterostilas; Causas e consecuencias das invasións biolóxicas. O caso de "Oxalis pes-caprae"; Plan CAMGAL: exercicios de adestramento; Tipos de polinización; Un día de exercicio, moito tempo de adestramento e A saúde dos nosos océanos. Todos eles están accesibles desde a plataforma Vimeo.

Departamento: [Secretaría Xeral de Política Lingüística](#)

Tema: [Lingua galega](#)

Ensinanza: [Universidade](#)

